



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE LUGO

Anuncio

Acordo do 19 de febreiro de 2013, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se somete a información pública a solicitude do permiso de exploración mineira Lago II, nº 6056.

Para os efectos previstos no artigo 21 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia (DOG nº 109), sométese a información pública a solicitude do permiso de exploración que se cita:

Solicitante: GOLDQUEST IBÉRICA, S.L.

Domicilio social: Ronda Norte, 7 piso 23-A (Torre de la Rosaleda), 24400 Ponferrada (León).

Denominación: Lago II

Número: 6056

Situación: concellos de A Fonsagrada, Baleira, Baralla e Becerreá

Cuadrículas mineiras: 396

Recurso: Cinc, cobre, ouro, prata e chumbo

A designación do terreo é a seguinte:

Vértice	Lonxitude	Latitude
1	-7° 09' 00"	42° 54' 00"
2	-7° 13' 00"	42° 54' 00"
3	-7° 13' 00"	43° 05' 00"
4	-7° 09' 00"	43° 05' 00"

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, situado na rolda da Muralla 70, 27071 Lugo, no prazo de trinta días, a partir da última publicación.

Lugo, 19 de febreiro de 2013.- O Xefe territorial, José Manuel Vázquez Leirado

R. 1475

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data quince de abril de 2013, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o cadro de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2013, de acordo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non son presentadas reclamacións.

En Bóveda, a 15 de abril de 2013.- O Alcalde-Presidente, José M. Arias López

R. 1478